

ALMORZO INFORMATIVO | PRESENTACIÓN DE RESULTADOS DO ESTUDO

O COIDADADO INFORMAL NO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO:

IMPACTO NA SAÚDE E CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS COIDADORAS. ANÁLISE EN CLAVE DE DESIGUALDADE DE XÉNERO

9 de abril | 10:30 | retransmisión en streaming | inscrición en www.fegadace.org

Begoña Hermida Val

Diplomada en Enfermería. Máster en Saúde Pública e Xestión Sanitaria. Posgrao en Cooperación Internacional e Xestión de ONGD. Máster en Prevención de Riscos Laborais, especialidade en Saúde Laboral.

A súa traxectoria profesional comeza en 2002 no campo da sanidade, en diferentes postos asistenciais e de xestión e formación, pasando en 2008 a centrarse no eido sociosanitario internacional, dirixindo proxectos de saúde pública e cooperación internacional en diferentes países. É directora de FEGADACE desde o ano 2018.

María Vidal Martínez

Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración. Especialidade de Administración Pública. Máster en Dirección e Xestión de Recursos Humanos e Experta Universitaria en Técnicas Cualitativas para a Investigación Social e os Estudos de Mercado. Consultora senior en ReTnova Proxectia Consulting, entidade encargada do deseño e realización do estudo. É unha empresa de consultoría especializada no ámbito social, de xénero e na asistencia técnica na planificación, execución e avaliación de políticas públicas.

María Isabel Pardo Pardo

Muller coidadora do seu marido con dano cerebral adquirido, usuario de Renacer, a Asociación de Dano Cerebral Adquirido de Ourense.

Noelia Luque Gómez

Diplomada en Traballo Social, conta con formación complementaria en xestión de entidades do terceiro sector e captación de fondos para programas sociais. Especializouse no coñecemento e xestión dos recursos sociais, e na intervención centrada na persoa e na familia. Ten máis de 15 anos de experiencia como traballadora social e, desde o ano 2006, dirixe a asociación de Dano Cerebral Adquirido Renacer de Ourense.

ALMORZO INFORMATIVO | PRESENTACIÓN DE RESULTADOS DO ESTUDO

O COIDADADO INFORMAL NO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO:

IMPACTO NA SAÚDE E CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS COIDADORAS. ANÁLISE EN CLAVE DE DESIGUALDADE DE XÉNERO

9 de abril | 10:30 | retransmisión en streaming | inscrición en www.fegadace.org

Raquel Martínez Buján

Profesora Contratada Doutora na Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña e Decana da mesma desde 2017. Doutora en Socioloxía (2008, UDC), o seu traballo de investigación estivo orientado ás Migracións Internacionais, a Socioloxía do Coidado e a Familia, e a análise das Políticas Sociais. Na etapa postdoutoral o seu foco de atención estivo centrado na análise dos fluxos migratorios femininos e as necesidades de coidados dentro das familias. A aproximación a este obxecto de estudo desenvolveuse dentro do contexto da política social analizando o impacto dos programas públicos orientados aos coidados de longa duración na creación dun mercado laboral irregular baseado na man de obra das mulleres migrantes empregadas de fogar. Na actualidade o seu traballo céntrase en analizar o ámbito comunitario da organización social do coidado polo que o foco do seu interese trasladouse ao estudo da sustentabilidade da vida e ás estratexias de resistencia despregadas polas familias transnacionais para afrontar os riscos sociais. Investigadora do “Informe sobre o sistema de coidados de longa duración en Galicia desde a perspectiva de prestación de servizos e de creación de emprego” (financiado polo Consello Económico e Social de Galicia, 2020) e do proxecto “O coidado importa. Impacto de xénero nas coidadoras/es de maiores e dependentes en tempos da COVID-19” (financiado por Fondo Santander-CRUE-Universidades, 2020). Entre as súas últimas publicacións inclúense: ‘O ámbito comunitario na organización social do coidado’ (2020. Revista Española de Socioloxía; con C. Vega) e “Coidados con sentido común: desafíos, baleiros e contradicións” (2019. Investigacións Rexionais).

Antía Pérez Caramés

Doutora en Socioloxía e Profesora Contratada Doutora na Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña. Directora do Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación da mesma Universidade. Pertence ao Equipo de investigación Sociedades en Movemento (ESOMI) e ao Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEXEF), ambos da UDC. Foi Coordinadora do Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria entre os cursos 2016/2017 e 2018/2019. As súas liñas de investigación céntranse no estudo das migracións internacionais, o envellecemento demográfico e a análise das relacións de xénero e os coidados. Neste marco ten desenvolvido investigacións en torno ás dinámicas migratorias recentes en España, cunha énfase particular nos fenómenos da “nova emigración española” e o retorno de inmigrantes. Tamén desenvolveu traballos sobre o proceso de envellecemento da poboación galega e as novas políticas demográficas.